



M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, no Concello de Ribeira, presenta a seguinte solicitud diante da Corporación Municipal en relación coa dotación de banda larga ao Polígono de Xarás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas sociedades actuais o auxe tecnolóxico é un feito que se produce con enorme rapidez e ten unhas consecuencias en todas as ordes de gran calado. Os cambios e as innovacións danse cada vez máis á presa no terreo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) modificando xeitos de vida, relacións produtivas e mesmo determinando novos modelos de desenvolvemento económico. O xeito en que un país asuma eses trocos tecnolóxicos e sexa quen de integrarse na chamada Sociedade da Información será decisivo para que o nivel social e económico poida aproveitarse das posibilidades que esta abre.

Hoxe aínda existen múltiples barreiras derivadas de factores sociais e económicos que debemos superar para asegurar a participación en igualdade de condicións de toda a cidadanía na sociedade da información. Para salvar a chamada fenda dixital existente é imprescindible a cooperación entre ás administracións e as institucións e ás empresas e profesionais dos sectores implicados.

A Consellería de Innovación e Industria puxo en marcha o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010 (PRGSI). Este plano pretende contribuír ao desenvolvemento sustentable do país, compatibilizando o crecemento económico coa creación de emprego de calidade, xerando un maior benestar, igualdade e cohesión social. O PEGSI ten previsto un investimento de máis de 800 millóns de euros, para o período 2007-2010, dos que case 675 millóns corresponden aos fondos xestionados pola Xunta de Galiza.

No marco deste plan consideramos prioritario que se dote ao Polígono Industrial de Xarás da infraestrutura de telecomunicación do sistema Wimax, para o acceso á internet de banda larga de calidade.

Por este motivo, grupo municipal do BNG

SOLICITA:

Que o Goberno Municipal poña a dispor da Consellería de Innovación e Industria os terreos precisos para a instalación do equipamento da rede sen fíos, mediante o sistema Wimax, para dotar ao Polígono de Xarás e arredores do acceso á internet de banda larga de calidade.

Ribeira, 22 de decembro de 2008


Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA